

**O Centro Coreográfico Galego vai estrear a súa montaxe: Giseliña, no Teatro Rosalía de Castro. Co motivo de divulgar este novo espectáculo de Danza , que se representará na Coruña, noutras cidades galegas e españolas. Están impartíndose obradoiros para dar a coñecer as posibilidades da Danza, e máis concretamente da Danza Contemporánea entre a xuventude.**

**Motivo polo cal tivemos a sorte de contar no instituto con Rut Balvís, unha licenciada en Educación Física especialista en Danza. Dádonos a oportunidade de vivenciar dun xeito práctico o que é bailar:** “ Non hai que copiar a ninguén bailando, cada un debe saber o que ten que facer e como expresalo. Todo o mundo pode bailar independentemente do seu físico ou estrutura corporal e da súa condición física. O importante é expresarse co corpo e saber descifrar as mensaxes que queremos comunicar, ou percibir as dos demais. Vivimos en sociedade, temos que saber relacionarnos estando atentos e facendo que tod@s sintámonos ben dentro do grupo. Cada un de nos ten o seu espazo e hai que saber compartilo. Cooperar, crear, e aportar, deixando que o fagan tamén os demais. Nunha creación grupal o protagonismo non é individual”.

**Rut tivo moi boa impresión dos grupos de 2º da ESO: “ Funcionaron de marabilla, moi participativos e creativos en todas as propostas. A nada que estimes e propoñas movementos, accións, de seguida implícanse”. Aplaudímoslle a ela polo ben que no lo fixo pasar, e ao Centro Coreográfico Galego por facer que teñamos curiosidade por ver como un ballet clásico, romántico do século XIX: Gisele, pode ser adaptado aos nosos días, e gustar a xente xove.**

Calquera alumn@ que queira formarse como bailarín, coreógrafo ou pedagogo da Danza ten que saber que na Coruña, nas instalacións de Elviña está a sede do CCG. E que neste centro pode atopar moi bos profesionais, como di Rut empregando un simil é como a ” selección galega de danza contemporánea...”









## **A EXPRESIÓN CORPORAL E O BAILE NAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA**

***Para expresar os nosos pensamentos, desexos, sentimentos... empregamos as palabras. Pero ademais da linguaxe verbal, dispoñemos do noso corpo para comunicarnos coa xente que nos rodea. Cal é a linguaxe que máis empregamos ao longo dun día? Sen dúbida é a linguaxe corporal. A linguaxe corporal é espontáneo, pero podémolo estudar, mellorar... igual que facemos co escrito, verbal, musical...***

*Dende a orixe das civilizacións o baile sempre estivo presente como feito cultural nos ritos e na vida social... No século XX, o desenvolvemento tecnolóxico, a mellora no nivel de vida e o aumento do tempo de ocio, xunto co encontro e mestizaxe de distintas culturas... fixeron posible que coñezamos danzas orixinarias e bailes adaptados de calquera sitio do mundo. E temos a posibilidade de practicalas e transmitilas como forma de expresión patrimonio da humanidade.*

*A expresión corporal tradicionalmente foi un contido desprezado en Educación física. Non tiña cabida nos INEF. A expresión corporal baseada no mundo sensible e que non persigue unha finalidade competitiva, víase como algo alleo a formación do profesorado de Educación Física. **Hoxe en día estamos descubrindo que precisamos seguir avanzando en educar en valores, actitudes, en relación, en coeducación ou convivencia, convivindo os rapaces e rapazas e enriquecéndose coas diferenzas. Bailar xa non é considerada unha actividade sexista ou excluente...** Nos adolescentes a correcta asimilación do seu esquema corporal, e da súa imaxe é esencial para unha boa e saudable interacción social. E para logralo é necesario unha boa educación en relación. ¿Ou queremos volver outra vez ao imperativo social para os homes de poderoso, agresivo, mandón, competitivo, dominante, invulnerable...? e as mulleres femininas, sensibles, sumisas...*

***Bailar en clases de Educación física é moi interesante polo pracer de bailar, de sentir a música, o corpo, porque libera tensións, porque melloras o teu esquema corporal, ritmo, coordinación, percepción espacial, equilibrio..., porque podes coñecer máis o mundo dos sentimentos e aprender a expresalos, superando medos, inhibicións, bloqueos... porque estes contidos son moi integradores, permitindo ao alumnado ter autonomía, iniciativas, creatividade, asumir responsabilidades e por se fora pouco coñecer aspectos doutras culturas.***